



DATOS IDENTIFICATIVOS

Traballo Fin de Máster

Materia	Traballo Fin de Máster			
Código	O04M157V01301			
Titulación	Máster Universitario en Creación, Dirección e Innovación na Empresa			
Descritores	Creditos ECTS 17	Sinale OB	Curso 2	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Carlos Villamarín, Pablo de			
Profesorado	Carlos Villamarín, Pablo de			
Correo-e	pdecarlo@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	O traballo fin de máster supón a realización dun proxecto, memoria ou estudo no que se apliquen e desenvolvan os coñecementos adquiridos no Máster e as competencias xerais asociadas á titulación. O alumnado realizará un traballo de investigación, desenvolvemento e documentación para profundar nos contidos dun conxunto de materias do máster, ou ben para propor novo coñecemento nas áreas temáticas do máster.			

Competencias

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Capacidade de organización e planificación.
B3	Habilidade na procura de información especializada e proveniente de distintas fontes.
B4	Capacidade para a toma de decisións.
B5	Capacidade para a resolución de problemas.
B6	Capacidade para a transmisión de ideas e a defensa do propio criterio.
B9	Capacidade de aprendizaxe.
C1	Habilidade para o deseño e execución de plans de empresa e a posta en marcha de novas iniciativas empresariais.
C4	Capacidade para deseñar, implementar e xestionar proxectos innovadores.
C6	Capacidade para aplicar, de forma oportuna, ferramentas e metodoloxías de xestión da innovación.
D2	Capacidade para traballar en ambientes de presión.
D3	Capacidade crítica e autocrítica.
D6	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
D7	Habilidade para traballar de forma autónoma.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Valorar, buscar , seleccionar e compilar a información relevante para analizar un determinado tema.	A1 A2 A3 A4 A5 B3 B4 C1 C4
Organizar un discurso, argumentar adecuadamente sobre un tema e defender o propio criterio con rigor e tolerancia.	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B6 D2 D3 D7
Construír un texto escrito de forma comprensible e organizada.	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B6 D7
Integrar os coñecementos asimilados sobre diversas disciplinas impartidas no máster nun único traballo.	A1 A2 A3 A4 A5 B9 C1 C4 C6 D6 D7
Expor e defender solucións orixinais a problemas e situacións cuxa solución non deriva exclusivamente da aplicación dun procedemento estandarizado.	A1 A2 A3 A4 A5 B4 B5 D3 D7
Adaptar solucións e métodos estudados teoricamente a problemas reais, desenvolvendo para iso as habilidades críticas, analíticas e creativas.	A1 A2 A3 A4 A5 B4 B5 C1 C4 C6 D3 D6 D7

Identificar as relacións entre técnicas, métodos e ferramentas aprendidos, para a súa utilización na planificación, xestión e execución sistemática dun proxecto.	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B4 B5 B9 C1 C4 C6 D3 D6 D7
---	--

Contidos

Tema

1. Requisitos que debe reunir o tema escollido	<p>1. Debe responder a un problema, necesidade ou oportunidade de negocio relacionado coa creación e/ou dirección de empresas, e/ou coa xestión da innovación, a tecnoloxía e/ou a calidade.</p> <p>2. Deberá ter unha entidade suficiente, é dicir, o problema a tratar será o suficientemente complexo.</p> <p>3. É desexable que o tema escollido garde relación co labor desenvolvido ou problemáticas abordadas durante o período de prácticas, a fin de obter as maiores sinerxías e aproveitamento de ambas actividades do Máster. Se ben a orientación do Máster é eminentemente profesionalizadora, pode acontecer que o traballo asignado ao alumnado no período de prácticas tivese un carácter máis académico-investigador do que estritamente profesional, sobre todo cando as prácticas se realicen en centros de innovación e tecnolóxicos do sistema galego de innovación, dada a diversidade de necesidades de recursos humanos destes centros. Esa especificidade será contemplada no tipo de proxecto de Máster e nos seus procesos de avaliación.</p>
2. Contidos básicos a desenvolver	<p>1. Definición do problema ou obxecto de investigación.</p> <p>2. Estruturación do traballo.</p> <p>3. Fundamentos teóricos.</p> <p>4. Análise empírica, empregando fontes de datos secundarias e/ou primarias.</p> <p>5. Análise e interpretación de resultados.</p> <p>6. Redacción e presentación do traballo con criterios académicos no que atinxe a linguaxe, citas, referencias bibliográficas, etc.</p> <p>7. Exposición e defensa oral do traballo.</p> <p>8. Desde o punto de vista formal o traballo deberá incluír un índice paxinado, un resumo e as referencias bibliográficas.</p> <p>A extensión máxima do TFM será de 80 páxinas, sen incluír os anexos. Non obstante, cando o tipo de traballo así o aconselle (Plan de empresa,...), o/a alumno/a e o/a titor/a poderán solicitar á Coordinación do Máster a ampliación deste límite.</p> <p>Se o desenvolvemento teórico do traballo ten, a xuízo do tribunal, a suficiente entidade e calidade, poderíase prescindir de análise empírica.</p>

3. Procedemento a seguir para a asignación de tema e titor
- Á hora de solicitar un tema para o TFM, o/a alumno/a pode optar por un dos incluídos na listaxe publicada pola Coordinación de Máster ou propor un tema non incluído na devandita listaxe. En calquera dos dous casos, o tema proposto contará coa aceptación do titor ou titora.
 - O/a alumno/a ten a posibilidade de asociar o seu tema ás prácticas que estea a realizar. Para iso deberá propór á empresa ou institución correspondente a realización dun traballo sobre a propia entidade ou sobre o sector no que se atopa. A entidade debe aceptar a realización de dito traballo e a/o alumna/o deberá comunicalo á Coordinación do Máster.
 - O/a alumno/a empregará o Formulario de solicitude de elaboración do TFM, para transmitir a súa proposta de solicitude de tema e titor/a. A solicitude entregárase ante a Coordinación do Máster.
- Prazo para a entrega do Formulario de solicitude de elaboración do TFM:
Existen dúas posibles datas límite:
- a. 30 de xuño
 - b. 30 de setembro
- Poderán ser titores ou cotitores todos os docentes do Máster pertencentes á Universidade de Vigo. Ningún/a titor/a poderá titorizar máis de catro proxectos de nova asignación por curso académico.
 - A coordinación do Máster poderá autorizar a existencia de cotitores ou cotitoras non docentes do Máster e/ou non pertencentes á Universidade de Vigo.
 - A Comisión Académica do Máster será a encargada de aprobar a asignación de temas e titores ao alumnado dentro do mes seguinte á finalización do prazo para a presentación das solicitudes.
 - A asignación dun titor ou titora académica e a proposta do TFM será válida para todo o curso académico en que se atopa matriculado cada estudante. Os posibles cambios de titor/a dun curso a outro deben contar co visto e prace de ambos titores, o anterior e o/a novo/a. O cambio de titor/a implicará necesariamente cambio de tema.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Proxectos	3	386	389
Presentacións/exposicións	1	35	36

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Proxectos	O traballo fin de máster supón a realización dun proxecto, memoria ou estudo no que se apliquen e desenvolvan os coñecementos adquiridos no Máster e as competencias xerais asociadas á titulación. O alumnado realizará un traballo de investigación, desenvolvemento e documentación para profundar nos contidos dun conxunto de materias do máster, ou ben para propor novo coñecemento nas áreas temáticas do máster.
Presentacións/exposicións	O proxecto debe ser presentado e defendido ante un tribunal que se encargará da súa valoración.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Presentacións/exposicións	Atención das necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa preparación da presentación e defensa do traballo. Desenvolverase de forma presencial (nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico).
Proxectos	Atención das necesidades e consultas do alumnado relacionadas coa elaboración do traballo. Desenvolverase de forma presencial (nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
			A1	B1	C1	D2
Proxectos	Valorarase o contido do traballo / Valorarase o interese dos resultados	80	A1	B1	C1	D2
			A2	B3	C4	D3
			A3	B4	C6	D6
			A4	B5		D7
			A5	B6		
Presentacións/exposicións	Valorarase a exposición e defensa pública do traballo / Valorarase a presentación do traballo	20	A1	B1	C1	D2
			A2	B3	C4	D3
			A3	B4	C6	D6
			A4	B5		D7
			A5	B6		
			B9			

Outros comentarios sobre a Avaliación

Procedemento a seguir para a defensa pública do Traballo

1. Para a superación desta materia é imprescindible a súa defensa pública ante un tribunal.
2. Para realizar dita defensa **é imprescindible ter superado a totalidade das restantes materias do Máster.**
3. A defensa pública poderá realizarse en dúas datas correspondentes coa convocatoria ordinaria do primeiro cuatrimestre e coa convocatoria extraordinaria de xullo. Estas datas fixaranse no horario do curso académico correspondente.
4. O/a alumno/a presentará ante a Coordinación do Máster, **20 días antes da data de defensa**, tres exemplares do TFM, debidamente encadernados e presentados. Tamén presentará o proxecto en formato electrónico, debendo subir o ficheiro á plataforma de teledocencia Faitic. Pola súa parte, o titor/a asinará e presentará á Coordinación do Máster o formulario **Aprobación do/a titor/a para a defensa do TFM.**

5. Composición das comisións avaliadoras:

As Comisións Avaliadoras estarán compostas por tres membros, dos cales un deles poderá ser un profesional do sector ou empresa relacionado co tema do traballo e os dous membros restantes serán profesores doutores, garantindo a avaliación multidisciplinar dos proxectos presentados. En calquera caso, o/a titor/a ou titores do TFM non poderán formar parte da Comisión Avaliadora.

6. Citación para a defensa:

A Coordinación do Máster notificará a cada alumna/o a través de correo electrónico o lugar, día e hora fixados para a defensa do seu TFM, ao menos con **sete días naturais de antelación** respecto da data sinalada para a defensa. A Coordinación do Máster fará público o calendario completo de defensas.

7. Defensa pública:

- a) A defensa do TFM será realizada polo/a alumno/a en sesión pública, mediante a exposición oral do seu contido, principais resultados e conclusións acadadas, durante un tempo máximo de 15 minutos.
- b) A continuación, o/a alumno/a responderá ás preguntas e aclaracións que formulen os membros da Comisión Avaliadora.
- c) A Comisión Avaliadora deliberará sobre a cualificación a porta pechada.

8. Cualificación:

A cualificación outorgarase en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal:

- 0 - 4,9: Suspenso.
- 5,0 - 6,9: Aprobado.
- 7,0 - 8,9: Notable.
- 9,0 - 10: Sobresáinte.

O **80%** da cualificación corresponderá ao **traballo**, mentres que o **20%** restante corresponderá á **defensa pública**.

Cada Comisión Avaliadora poderá propor a concesión motivada da mención de "Matrícula de Honra" a TFM que fosen avaliados e que obtivesen unha cualificación igual ou superior a 9. A Coordinación do Máster, oídos os presidentes das

Comisións Avaliadoras, decidirá sobre a asignación destas mencións.

A Comisión Avaliadora deberá cubrir e asinar a **Acta de cualificación do TFM**.

En caso de suspenso, a Comisión deberá emitir un informe razoado que recolla as principais deficiencias do TFM. Dito informe farase chegar ao/á alumno/a **no prazo máximo de 15 días** desde a defensa pública do traballo. Se o/a alumno/a volta presentar o mesmo TFM nunha posterior convocatoria, deberá achegar un informe explicando o xeito como se emendaron as deficiencias apuntadas pola Comisión.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Máster para o curso 2016-2017. Non obstante, o calendario pode ser modificado ao longo do curso por algún imprevisto. Consultade a páxina web do Máster por se hai cambios no mesmo. No caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na mencionada páxina web (<http://mastercidie.webs.uvigo.es/index.php/gl/docencia-menu-gl/horarios-e-guia-novo-alumnado>).

Bibliografía. Fontes de información

Recursos para a elaboración do traballo:

Artigos e revisións en revistas e libros especializados no tema escollido. Permitirán obter unha visión xeral do coñecemento nese campo.

Fontes secundarias sobre o tema, empresas ou sectores concretos que se analicen.

Fontes de datos e información primaria, sobre o sector empresarial analizado e/ou a empresa ou empresas obxecto de análise.

Algunha bibliografía útil para o desenvolvemento metodolóxico do traballo:

Icart Isern, MT; Fuentelsaz Gallego, C; Pulpón Segura, A. (2001). *Elaboración y presentación de un proyecto de investigación y una tesina*. Barcelona: Edicions Universitat de Barcelona.

Thiéart, R.-A. (ed.) (2001). *Doing Management Research. A Comprehensive Guide*. London: SAGE Publications (English translation of *Méthodes de Recherche en Management*. Paris : Dunod).

Recomendacións

Outros comentarios

Para realizar a defensa pública do TFM ante o tribunal é imprescindible ter superado a totalidade das restantes materias do máster.
